



Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
www.fsc.ccoo.es/galicia

SOLICITUDE

César Santiso, con DNI 32.799.972V, como portavoz da sección sindical de Comisións Obreiras na Deputación Provincial da Coruña,

EXPÓN

- Que o 13 de decembro de 2017, CCOO rexistrou unha solicitude para reducir o horario durante o Nadal para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. A dita solicitude tiña o seguinte tenor literal:

- *Que a Deputación Provincial ten aprobado un horario de verán no que se reduce a xornada nunha hora diaria, sendo o período obrigatorio de presenza das 9:00 ás 14:00 h.*
- *Que o dito horario supón unha ferramenta efectiva para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral*
- *Que no Nadal xorden as mesmas necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral que durante o período estival*

Polo que SOLICITA

- *Que durante o período de vacacións escolares do Nadal se apliquen as mesmas medidas que durante o horario de verán*

- Que a Corporación, como consecuencia dun proceso negociador con CCOO que incorporaba outra serie de acordos, aceptou a devandita solicitude establecendo un horario especial de Nadal dende o 22 de decembro ata o 7 de xaneiro en concordancia co calendario escolar establecido pola consellería de educación.

- Que en datas similares dos anos: 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022, CCOO volveu a solicitar a implantación do horario de Nadal, aceptando a Corporación o seu establecemento.

- Que a Concellería de educación estableceu, no calendario escolar 2022-2023, como non lectivo o período que transcorre entre 3 e o 10 de abril.

- Que as necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral durante a semana santa son as mesmas que durante o período de Nadal.

Polo que, SOLICITA

- Que durante o período non lectivo de semana santa, comprendido entre o 3 e o 10 de abril (ambos inclusive), a Corporación aplique as mesmas medidas que durante o horario de verán e de Nadal como xa ven realizando nos últimos anos, e que estas afecten a todo o persoal que presta os seus servizos na Deputación da Coruña.

A Coruña, a 28 de marzo de 2023

César Santiso
Portavoz de CCOO na Deputación